



O Software libre nos concellos de Galicia.

Resumo executivo. Edición 2014



Índice

	Páxina
1. Ficha técnica.....	3
2. Análise de datos.....	4
3. Conclusións principais.....	23



1. Ficha técnica


- **Universo:** Todos os concellos galegos. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) a 1 de xaneiro de 2014, o seu número ascende a 315.
- **Tamaño da mostra:** 205 enquisas.
- **Tipo de mostra:** Estratificada. Segmentouse a mostra en función de dúas variables: número de habitantes e provincia. A asignación inicial da mostra foi proporcional, se ben, foi preciso realizar unha ponderación posterior para a análise de datos.
- **Erro da mostra:** No suposto dunha mostraxe aleatoria simple, baixo a hipótese xeral máis desfavorable ($P=Q=0,5$) e cun nivel de confianza do 95,5%, o erro máximo admitido no cálculo dunha magnitude absoluta é do 4,13%.
- **Tipo de entrevista:** Cuestionario electrónico (Internet).



2. Análise de datos



Concellos con software libre / software privativo nalgún equipo informático




Base: Todos os concellos

O 79,5% dos concellos dispón de software libre nalgún equipo informático (ordenadores de usuario ou servidores), cun lixeiro descenso en relación ao ano anterior.



Concellos con software libre / software privativo nos ordenadores de usuario




Base: Todos os concellos

No 76,1% dos concellos existe software libre nos ordenadores de usuario, ben como única tipoloxía de software habilitada nos equipos (2,9%) ou ben en presenza de software privativo (75,6%). Isto supón un lixeiro descenso de 4,4 puntos porcentuais respecto do ano 2011.



Concellos con software libre / software privativo nos servidores




Base: Concellos con servidores

Do total de concellos que teñen servidores, o 45,4% dispón de software libre nestes equipos, ben como única tipoloxía de software (3,9%) ou ben en combinación con software privativo (43,9%).




Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre nalgún equipo informático



O 92,7% dos concellos con máis de 5.000 habitantes dispón de software libre nalgún dos seus equipos informáticos, o que implica un lixeiro descenso respecto ao 2011 onde o valor situábase no 96,4%. O 100% dos concellos con máis de 50.000 habitantes dispón de software libre e de software privativo simultaneamente nalgún equipo informático.



Evolución dos concellos con máis de 5.000 habitantes con software libre en ordenadores e servidores




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

Mantense a porcentaxe de concellos de máis de 5.000 habitantes que utilizan software libre nos servidores e descende a porcentaxe dos que empregan software libre en ordenadores de usuario respecto ao ano anterior.



Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en ordenadores de usuario




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software privativo, en ordenadores de usuario

O emprego de software libre nos concellos é superior nas aplicacións que nos sistemas operativos, cunhas porcentaxes do 67,7% e 30,4% respectivamente.



Tipoloxía de sistemas operativos e aplicacións informáticas en servidores




Base: Concellos con software libre unicamente ou en combinación con software privativo, en servidores

No referente a servidores, a presenza de aplicacións informáticas libres é superior á de sistemas operativos libres. Se ben, as diferenzas son menores que no caso de ordenadores de usuario.



Tipoloxía de software dispoñible en aplicacións informáticas de uso xeral




Base: Concellos que dispoñen da aplicación informática correspondente

En aplicacións informáticas de uso xeral, a combinación de software libre e software privativo é a opción máis habitual no caso de ofimática, navegador de internet e xestor de correo electrónico. No referente ao antivirus e seguridade, a tipoloxía máis habitual é a de software privativo.



Valoración global do uso dos distintos tipos de software




Base: Concellos con software libre

Escala empregada: 1 (valor máis baixo) a 10 (valor máis alto)

Tanto o software libre coma o software privativo teñen unha valoración global notable e semellante, con valores próximos aos 7 puntos. No caso de software libre, os valores oscilan entre o 6,5 para concellos de máis de 50.000 habitantes e o 7,2 dos concellos de entre 20.001 a 50.000 habitantes. En software privativo, os niveis varían entre o 6,7 do estrato de menos de 2.000 habitantes e o 7,8 de máis de 50.000 habitantes.




Nivel de satisfacción do uso de Software Libre nos concellos con máis de 5.000 habitantes



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con Software Libre



Previsión da evolución do uso do software libre nos concellos en 1 ou 2 anos




Base: Todos os concellos

Respecto as **previsións de uso dos concellos sobre o emprego de software libre en 1 ou 2 anos nas entidades locais, no 80% aumentará ou manterase igual**. No caso dos ordenadores de usuario 4 de cada 10 concellos cren que aumentará, mentres que no caso dos servidores a tendencia semella máis inclinada a seguir nos niveis de uso actual.



Previsión da evolución do uso de software libre nos concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes e con software libre

Algo máis da metade dos concellos de máis de 5.000 habitantes consideran que incrementarán o uso do software libre na súa entidade.



Formación informática recibida polo persoal interno da entidade no último ano




Base: Todos os concellos

O destinatario principal da formación informática recibida nos concellos no último ano foi o persoal usuario dos programas, por riba dos técnicos ou encargados das actividades informáticas. Neste sentido, practicamente na metade dos concellos (45,9%) a formación recibida foi para o seu persoal usuario, descendendo lixeiramente respecto ao ano anterior.



Tipoloxía de formación informática recibida polo persoal da entidade local no último ano




Base: Concellos con persoal interno que recibiu formación

No referido á formación informática recibida polo persoal técnico das entidades locais, a resposta máis frecuente foi en ambos tipos de software. No caso do do persoal usuario esa porcentaxe está lixeiramente por baixo, 3,5 puntos porcentuais, da de concellos nos que a formación estivo orientada ás ferramentas propietarias.



Formación facilitada aos encargados das actividades informáticas no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes




Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

A porcentaxe de concellos nos que se impartiu formación en materia informática ao persoal técnico sofre un retroceso no último ano, rompendo a tendencia de anos anteriores, case 9 puntos e no caso concreto do software libre a menos da metade do ano anterior.




Formación facilitada ao persoal usuario no último ano en concellos con máis de 5.000 habitantes



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes




Nivel de coñecementos de Software Libre e Privativo dos encargados informáticos e persoal usuario en concellos con máis de 5.000 habitantes



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes



Accións comerciais recibidas no último ano




Base: Todos os concellos

Practicamente un de cada catro concellos (24,9%) recibiu accións comerciais en software libre no último ano e case a metade (49,3%) no caso de software privativo. Cómpre salientar que todos os concellos de máis de 50.000 habitantes recibiron accións comerciais relacionadas co software libre.



Accións comerciais en software libre recibidas polos concellos con máis de 5.000 habitantes



Base: Concellos con máis de 5.000 habitantes

Apréciase un aumento moi significativo na porcentaxe de concellos que recibiron accións comerciais no último ano, máis de 30 puntos porcentuais respecto ao 2011.



3. Conclusións principais

- **No 79,5% dos concellos existe software libre nalgún equipo informático** (ordenadores de usuario ou servidores).

Considerando os concellos de máis de 5.000 habitantes, obsérvase un descenso da presenza de software libre nalgún equipo informático, dende o 96,4% do ano 2011 ata o 92,7% do ano 2013.

- **O software libre está presente nos ordenadores de usuario no 76,1% dos concellos**, ben como única tipoloxía de software habilitada nos equipos (2,9%) ou ben en presenza de software privativo (75,6%). Isto supón un lixeiro descenso de 4,4 puntos porcentuais respecto do ano 2011.
- **O 45,4% dos concellos teñen servidores con software libre**, ben como única tipoloxía de software (3,9%) ou ben en combinación co software privativo (43,9%).
- **O maior emprego do software libre en ordenadores de usuario e servidores, focalízase nas aplicacións**, por riba do seu uso nos sistemas operativos.
- **Case o 80% dos concellos dispoñen de ordenadores con instalacións de ofimática en software libre**, o 11% en modo exclusivo



- **Tanto o software libre coma o software privativo teñen unha valoración global positiva e semellante**, con valores próximos aos 7 puntos, sobre 10, en ambos casos. Este valoración positiva é complementada cunha **boa percepción en canto ás previsións dos concellos sobre o emprego de software libre en 1 ou 2 anos nas entidades**.
- **O destinatario principal da formación informática recibida nos concellos no último ano foi o persoal usuario dos programas**, por riba dos técnicos ou encargados das actividades informáticas. **A tipoloxía de formación informática recibida polo persoal, foi con maior frecuencia en software privativo**.
- **Practicamente un de cada catro concellos (24,9%) recibiu accións comerciais en software libre no último ano e máis da metade (49,3%) no caso de software privativo**.
- **A porcentaxe de concellos de máis de 5.000 habitantes que recibiron accións comerciais no último ano aumentou máis de 30 puntos porcentuais respecto ao 2011**

galicia



XUNTA
DE GALICIA